

Festa da Lingua

16 de maio, nas Torres, Santa Cruz



11.00 h e 12.00 h
Momento musical para bebés, de Lydia Botana
Público: familias con crianzas de 0 a 3 anos
Duración: 30 minutos



12.30 h Carapuchiña, de Pedras de cartón
Público: maiores de 4 anos
Duración: 40 minutos



16.00 h Xogos, de Anacos educativos



17.00 h Levántate Xan, de Caxoto
Público: familias con crianzas de 0 a 3 anos
Duración: 35 minutos

18.00 h Maxia, a cargo do mago Joshua Kenneth
Público: familiar



19.00 h Concerto A banda dos insectos
Público: maiores de 3 anos
Inscripción: desde o 11 de maio



Ruta A Marola en familia

23 de maio, ás 11.00 h, desde o Porto de Dexo

Percorre esta ruta circular pola nosa fermosa costa desde a que gozaremos dunha vista marabillosa da Marola, atravesando máxicos bosques, coñecendo a contorna natural e cultural, vendo o mar do golfo Ártabro. Unha ruta por interior e costa, bosque e mar, campos..., unha senda chea de curiosidades e palabras, sons e olores. Polo camiño pararemos a realizar un obradoiro de artesanía e natureza.

Duración total: 2.30 min (ruta+obradoiro)

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos (non se pode acceder con carro)
Inscripción: a partir do 18 de maio ás 10.00 h



Reserva a túa praza para o espectáculo a través do formulario habilitado o día marcado desde as 10.00 horas. As prazas outorgaranse por orde de inscrición tendo preferencia os dous primeiros días as familias inscritas no Apego de Oleiros.

Aínda non formas parte do Apego?

Apego vai dirixido a vós, ás familias con nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudarvos á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo lingua@oleiros.org.



Unha primavera con

apego

2026



Obradoiro de olería:
Máscara de Entroido,
impartido por
Isabel Gómez



16 e 23 de xaneiro
e 6 de febreiro,
ás 16.30 e ás 18.00 h, na
Escola Municipal de Olería

Neste obradoiro coñeceremos algúns dos personaxes máis senlleiros do Entroido galego e crearemos a nosa propia máscara de barro inspirándonos nas tradicións ancestrais.

Persoas destinatarias: de 1 a 3 anos
(16.30 h), de 4 a 6 anos (18.00 h)
Inscrición: desde o 13 de xaneiro


Os tres porquiños,
de Educateatro



24 de xaneiro,
ás 18.00 h,
no Auditorio Gabriel García Márquez

Esta obra musical con bonecos a tamaño real é unha revisión do conto tradicional, onde dous exploradores se adentran no bosque para coñecer os seus personaxes favoritos.

Persoas destinatarias: maiores de 2 anos
Duración: 55 minutos
Inscrición: desde o 19 de xaneiro



Somos ríos,
somos fontes,
somos regatos
pequenos,
de Caxoto

22 de febreiro,
ás 12.00 h, na
Fábrica

Espectáculo no que se fai un percorrido pola obra e vida de Rosalía de Castro, a través dos seus escritos e da súa testemuña... pero tamén a partir dos afluentes, lagoas, mananciais... que xurdiron dela, facendo especial fincapé nas mulleres poetas que a partir da súa herdanza deron lugar a unha poesía galega recoñecida aquí e fóra das nosas fronteiras.

Persoas destinatarias: maiores de 4 anos
Duración: 60 minutos
Inscrición: desde o 16 de febreiro

Bosque,
de Mamá Cabra
e Aurora Artes
Escénicas



28 de febreiro,
ás 18.00 h,
no Auditorio Gabriel García Márquez

Bosque é un espectáculo musical no que a natureza ofrece un concerto, unha fábula na que os animais e as plantas dun recuncho da terra expresan a sabedoría ancestral a través do seu día a día. Música e teatro para reivindicar a necesidade de coidar os pequenos lugares naturais que cada quen ten ao seu carón. Un espectáculo de Mamá Cabra e Aurora Artes Escénicas.

Persoas destinatarias: maiores de 3 anos
Duración: 50 minutos
Inscrición: desde o 23 de febreiro

O Monstro de Cores,
A Xanela do Maxín



14 de marzo,
ás 18.00 h, na Fábrica

Un espectáculo de cores e emocións para rir, soñar e compartir en familia. Este espectáculo teatral, baseado no popular libro de Anna Llenas, convértese nunha viaxe chea de

cores, música e xogo, onde as nenas e nenos, xunto coas familias, descubrirán que as emocións son amigas que hai que coidar e entender.

Persoas destinatarias: maiores de 2 anos
Duración: 45 minutos
Inscrición: desde o 9 de marzo

Arrolar,
Fundación Legar
22 de marzo,
ás 12.00 h,
no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo




Esta actividade está dividida en tres partes: os arrolos, o adormecer e o espertar. É unha actividade participativa xa que as familias contarán con material para poder intervir na sesión (instrumentos de raíz e cantigas recollidas).

Persoas destinatarias: de 0 a 3 anos
Duración: 45 minutos
Inscrición: desde o 16 de marzo



Viaxes e cancións dos ratos de Lonxedetodo,
de Trinke Trinke



12 de abril, ás
12.00 h, na Fábrica

O rato Fuco chega á Fábrica para representar o contacontos teatral *Viaxes e Cancións dos Ratos de Lonxedetodo*.

Persoas destinatarias: maiores de 3 anos
Duración: 50 minutos
Inscrición: desde o 7 de abril

Viaxe cósmica con Maruja Mallo,
impartido por
Isabel Gómez



17 e 24 de abril
e 8 de maio,
ás 16.30 e ás 18.00 h,
na Escola Municipal de Olería

Obradoiro de olería no que exploraremos o maravilhoso imaxinario artístico de Maruja Mallo e centrarémonos nas súas últimas obras, cheas de xeometría e fantasía, para crear a nosa nave espacial.

Persoas destinatarias: de 1 a 3 anos
(16.30 h), de 4 a 6 anos (18.00 h)
Inscrición: desde o 13 de abril

Os Fíos do Querer,
Cé Orquestra
Pantasma



19 de abril, ás
12.00 h, na Fábrica

Cé Orquestra Pantasma, a partir da personaxe de home orquestra, ofrece desta volta un formato musical agarimoso apto para a sensibilidade da primeira infancia. O emprego da voz e actitude de confianza, o suave e rítmico acompañamento musical do ukelele e do seu trebello sonoro para as costas, e as misteriosas árbores de axóuxeres que acompañan estética e harmoniosamente, conseguen namorar a miúdos e grandes dende o comezo do espectáculo.

Persoas destinatarias: crianzas de 0 a 3 anos.
Duración: 45 minutos
Inscrición: desde o 13 de abril

